

Actualizada a 21/05/2025

CIRCULAR 108-2025

I CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRAIL RUNNING ULTRA.

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o domingo 29 de xuño en Chantada, o Campionato Xunta de Galicia de Trail Running Ultra, coa colaboración da Peña Saltasebes Chantada.

Art.2).- Poderán participar atletas, das categorías Sub 23 e superiores, con licenza en vigor pola FGA e válida para as probas de trail running.

- Será obrigatorio presentar certificado médico realizado no presente ano 2025, segundo o seguinte [modelo](#) ou equivalente, debendo remitirse a trail@atletismo.gal antes de finalizado o prazo de inscrición.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 23 de xuño.

Art.4).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Recollida de dorsais:
 - o Sábado 28 de 14:00 a 20:00 horas na Praia da Cova.
<https://maps.app.goo.gl/4HPE3TxFkgyFPkSW6>
 - o Domingo 29 de 5:00 a 5:30 horas nas inmediacións da zona de saída da proba.
<https://maps.app.goo.gl/sCwo2HBE8RhERfsK9>
- Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5).- Cámara de chamadas

- Os participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.6).- Horario e lugar de saída/meta: [\(perfil ao final do documento\)](#)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA	DESNIVEL	CATEGORÍAS	PECHE CONTROL FREÁN	PECHE CONTROL META
05:30	05:50	06:00	85,6 km	4040 m +	Sub23, Absoluto, Master	7h35' Dende a saída	16h Dende a saída

*Pecharase o control de chegada unha vez cumprido o tempo determinado para cada carreira ou coa entrada do último atleta clasificado/a.

Actualizada a 21/05/2025

Localización da saída:

Praza de España, Concello de Chantada: <https://maps.app.goo.gl/sCwo2HBE8RhERfsK9>

Localización da meta:

Praza do Concello de Sober: <https://maps.app.goo.gl/Jz3dTaf2TjapSrgQA>

Art.7).- Abastecementos:

- A proba será en semi-autosuficiencia, podendo abastecerse nos puntos a tal efecto de forma individual. A asistencia externa NON está permitida.
- Localización dos abastecementos:

KM	LUGAR	TIPO	MAPA 
11,0	Belesar	 Líquido	Ligazón
21,7	Praia da Cova	  Completo	Ligazón
30,5	Míllara	  Completo	Ligazón
39,5	Freán (Base de Vida)	  Base de Vida 	Ligazón
48,0	Acedre	 Líquido	Ligazón
56,0	Hortás	  Completo	Ligazón
62,8	Miradoiro Chancís	 Líquido	Ligazón
71,9	Aparcadoiro Miradoiro Cividade	  Completo	Ligazón
75,1	Pacios (Solpor Camper Park)	  Completo	Ligazón
79,5	Castaxúa	 Líquido	Ligazón

- As zonas de abastecemento estarán acoutadas en inicio e fin.
- Non estará permitido abandonar os abastecementos con ningún tipo de residuo do mesmo, incluídas as posibles 'codias' de froita, como poden ser mondas de plátano ou laranxa.
- Na Base de Vida de Freán, o atleta poderá abastecerse de forma externa, por persoal debidamente acreditado, e poderá cambiar o seu material, debendo abandonala igualmente co material obrigatorio da proba.
 - o Habará servizo de envío das bolsas de vida dende a saída ata Freán e dende Freán a Meta.

Art.8).- Material Obrigatorio.

O material estará revisado polo comité galego de xuíces, podendo facerse total ou parcialmente en saída, meta ou durante o percorrido.

A FGA, atendendo á meteoroloxía, poderá modificar as seguintes listaxes, ata 4 días antes da proba, mediante a publicación dunha circular anexa.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Actualizada a 21/05/2025

Listaxe de material obrigatorio:

- Dorsal visible na parte frontal
- Sistema de hidratación con capacidade mínima de 1 litro
- Teléfono móbil (operativo)
- Reserva alimentaria co número de dorsal
- Gorra
- Manta térmica
- Luz frontal

- ❖ As penalizacións e descualificacións sobre o material obrigatorio serán as oficiais da circular 105-2023 da Federación Galega de Atletismo.

Listaxe de material recomendado e opcional:

- Curta ventos ou chaqueta impermeable
- Gafas de sol.

- ❖ Uso de auriculares ou elementos de igual índole non está permitido.

Art.9) .- Entrega de premios.

- Os tres primeiros atletas clasificados de cada unha das categorías, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.
- A entrega de premios realizarase no Palacio de Sober, a partir das 18:00 horas.
<https://maps.app.goo.gl/d5B5p7boeR4aSMGM8>

Art.10).- Servizos complementarios

- Porase a disposición dos participantes un servizo de duchas e vestiarios nas instalacións deportivas habilitadas polo Concello de Sober na piscina municipal:
<https://maps.app.goo.gl/2os6bPT2dNXdwyfV8>
- Os atletas que desexen, a maiores, optar ós premios, agasallos e servizos da proba popular, deberán inscribirse na mesma a través da páxina www.carreirasgalegas.com

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Actualizada a 21/05/2025

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 20 de maio do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Actualizada a 21/05/2025

Percorrido e perfil

Ligazón percorrido: <https://tracedetrail.fr/en/trace/277410>

